

# Profetas

## Guía didáctica

Maisquetatro  
Coordina: María García

“Unha peza que funciona como un xogo de agochados,  
de abismos e de saltos entre realidade e ficción.”

*Ernesto Is*



Prezado/a docente:

Dende Ítaca Teatro queremos convidarte á experiencia de asistir á representación teatral de Profetas co teu alumando de 4º da ESO e BACH.

Para contribuír a unha mellor comprensión e aproveitamento didáctico da experiencia, propoñémosche revisar esta guía didáctica e seleccionar as actividades que consideres máis pertinentes en función dos obxectivos da túa programación, do tempo do que dispoñas, das características de cada grupo...

A guía está estruturada en dúas partes:

1. Antes de ver a función. O seu obxectivo é espertar o interese, activar coñecementos previos e ofrecer información que lle faga máis doado ao alumando discernir, unha vez no teatro, “o que vai ver”. Esta parte da guía está organizada coma se se tratase dun xogo de pistas.
2. Despois de ver a función. Vista a obra, na guía atoparás ideas para clarear dúbidas, debater, analizar a posta en escena e, en definitiva, acadar unha comprensión máis profunda da mesma.

Referenciamos, ademais, algúns materiais complementarios.

Agardamos que este material che sexa útil.

# 1.- ANTES DE VER A FUNCIÓN

## A COMPAÑÍA



Elea López

ÍTACA TEATRO é unha compañía lucense fundada no 2018 por **Elea López** e **Carlos Rebolo**, dúas persoas con formación en distintas disciplinas escénicas. PROFETAS, que se estrea o 24 de abril de 2025 no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, é o seu sexto espectáculo.

Ítaca harmoniza nas súas montaxes o tanxible co utópico, levando ó escenario historias e personaxes que transitan mundos nos que conviven o real e o imaxinado, mundos nos que os límites entre ficción e realidade son, a miúdo, moi difusos. O nome elixido pola compañía lucense, ÍTACA, ten moito que ver con isto. Velaí o por que.



Carlos Rebolo

Ítaca é o nome dunha das numerosas illas gregas. Pero Ítaca é tamén a patria de Odiseo, o protagonista da Odisea, o poema épico atribuído a Homero que resulta unha obra decisiva na mitoloxía grega e na historia da literatura. Máis aínda, Ítaca é o título dun famoso poema de Constantino Kavafis escrito a principios do século pasado. Kavafis soubo concentrar nuns cantos versos o verdadeiro espírito da Ítaca de Homero: o concepto metafórico de Ítaca encarna o que aprendemos ao longo do noso camiño, da nosa existencia, Ítaca é a vida mesma.

Ítaca real só hai unha e está no mar Xónico, mais Ítacas, no sentido metafórico, hai tantas coma proxectos vitais. E todo proxecto vital transcorre nas marxes entre a dúbida e a certeza, entre o desexado e o alcanzable, entre o cotián e o insólito.

### Información complementaria


Aquí podes ler o poema de Kavafis traducido ao galego:

<https://ofaladoiro.wordpress.com/2010/02/11/e-falando-de-viaxes-itaca/>

Aquí atoparás máis información sobre a compañía:

<https://www.itacateatro.com/itaca-teatro-teatro-profesional-en-lugo/>

## ACTIVIDADE



**Observa** o cartel da obra, deseño de **La Cosa Gráfica**. Presta atención a todos os elementos que o compoñen e anota os conceptos, ideas ou emocións que che suxiren. Intenta expresalos cunha única palabra (substantivo, adxectivo, verbo) e elabora unha listaxe.

- Que opinas das cores que se utilizan? Que che suxiren?
- De que cres que vai a obra? Elabora unha hipótese sobre o argumento.

## O TEXTO

O texto, de **Ernesto Is**, foi recoñecido co Premio Abrente 2021, un dos galardóns máis destacados no eido do teatro galego contemporáneo.



Ernesto Is

Profetas presenta o encontro dunha parella que xa non o é. Dúas persoas que fan balance da súa historia común por medio doutras historias do cinema, da música e da literatura. ELA, dramaturga, e EL, artista plástico, tratan de recuperar a memoria da súa relación a través dos filmes que compartiron, das cancións que os inspiraron, dos medos que a truncaron, das cidades onde a imaxinaron xuntos... Pero a memoria é individual e selectiva, os recordos son inseparables do impacto emocional que deixaron en cada quen, e aos protagonistas desta historia non lles resulta doado regresar a ese pasado compartido sen facerse reproches.

### Información complementaria

Sobre o autor:

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Ernesto\\_Is](https://gl.wikipedia.org/wiki/Ernesto_Is)

Sobre o Premio Abrente:

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Mostras\\_de\\_Teatro\\_Abrente\\_de\\_Ribadavia](https://gl.wikipedia.org/wiki/Mostras_de_Teatro_Abrente_de_Ribadavia)

## ACTIVIDADE

Le este fragmento de conversa entre os personaxes:

“ELA *Mentiches.*


EL *Por que dis iso?*

ELA *Todo o teu relato sobre Venecia é unha trola. Nunca estiveches alí! Ti mesmo acabaste de delatar con tantas incongruencias e referencias.*

EL *Non usei ningunha referencia.*

ELA *Como que non? A lectura de cartas, a sombra que vaga por Venecia, a bebida para esquecer, a túa man dentro da boca dun xigante que fala, a balea... Xa sei por que me soaban, son películas!”*

Agora **fíxate** na figura que forma o plano da cidade de Venecia.



E finalmente volve **observar** o cartel da obra.

- Atopas algunha relación entre o cartel e o que acabas de ler? Apórtache información nova o que liches sobre o texto?
- Revisa a hipótese que elaboraches sobre o argumento. Cambiarías algo?

## O PROCESO DE CREACIÓN DO ESPECTÁCULO

No proceso de creación dun espectáculo teatral están implicados varios oficios, non só o de actor ou actriz. O que sucede en escena é o resultado de meses de traballo dun equipo que se ocupa da parte creativa (escenografía, ambiente sonoro, vestuario e caracterización, iluminación, dirección...). A este equipo hai que sumar as persoas que realizan labores de produción, publicidade e distribución para que o espectáculo poida chegar aos escenarios.

De todos estes oficios, imos pararnos na dirección escénica.

### A dirección

Un mesmo texto teatral dirixido por diferentes persoas vai dar lugar a espectáculos tamén diferentes e isto acentúase cando se trata, como é o caso de Profetas, dunha narrativa na que abundan as metáforas, as analoxías, os dobres sentidos...

Por unha banda, a dirección é quen vencella as diferentes pezas que compoñen o espectáculo, dende os actores ata a iluminación. Por outra, é quen decide de que maneira se vai contar a historia. Poderíamos dicir que a dirección constrúe un novo “texto”, porque a súa mirada vai condicionar o que o espectador chega a ver.

Do anterior dedúcese a diferenza entre texto e dramaturxia, sendo o primeiro o que o autor ou autora escribe e o segundo a “recreación” do escrito para ser levado a escena.

**Carlos Álvarez-Ossorio** é o director de “Profetas”. Neste caso, por decisión de Ítaca Teatro, tamén se incorporou ao equipo artístico o autor do texto, Ernesto Is. Este tándem entre director e autor permitiu levar a cabo un traballo coordinado que deu como resultado que o texto que se leva a escena difira, en varios aspectos, da obra orixinal. Unha lectura entre liñas do texto de Ernesto Is descóbrenos algo máis ca unha historia de desamor entre os protagonistas, EL e ELA, e revela a existencia de tres planos narrativos que se superpoñen e mesmo se entrecruzan:

- Un plano íntimo, que vai aportando detalles da relación de parella.
- Un plano social, que aborda temas como o compromiso social, a crise creativa ou a postura política.
- Un plano global, que amosa unha sociedade en permanente conflito, un mundo infestado de guerras, espolios e dor.

En cal destes planos quere poñer o foco o director de “Profetas”?

Velaí o que o propio Carlos Álvarez-Ossorio responde:

*“Para min o teatro é un medio de coñecemento do mundo, do ser humano... Como director non me interesa tanto a historia que hai detrás dun texto como as preguntas que suscita. Neste sentido, Profetas é un enigma, as preguntas abren a porta a outras preguntas novas: Como nos relacionamos coa realidade? En que lugar nos situamos ante o que pasa no mundo? Ata que punto somos un produto cultural, formado polos libros que lemos, as*



Carlos Álvarez-Ossorio



*películas que vimos...? Somos auténticos ou somos un corta e pega? Que parte da nosa vida é real e que parte é unha ficción construída por recordos inventados ou roubados doutras ficcións? ... E o que é máis importante: Importa todo isto? Son as preguntas axeitadas, correctas? Ao mellor, simplemente hai que seguir adiante, ser honestos con nós mesmos, sen cuestionarnos.”*

### Información complementaria

Sobre o director:

<https://www.camaranegra.org/biografia/>

## ACTIVIDADE

Ningún dos elementos que vas ver en escena formando parte da escenografía, o vestuario, o ambiente sonoro, o atrezzo ... son superfluos, todos contan e todos suman. Aquí tes unha listaxe de cousas que poderían formar parte do atrezzo dunha obra. Cales **elixirías** ti para **contar** esta historia? Podes **engadir** ti outros elementos.

- Mapas
- Bandeiras
- Fotografías
- Libros
- Escombros
- Maletas
- Discos de vinilo, cd...
- Reloxos
- Paraugas
- Cartas
- Coches
- Armas
- Globos
- Máscaras



## 2.- DESPOIS DE VER A FUNCIÓN

Agora que xa viches a obra, o que sigue a continuación é unha serie de reflexións e preguntas que che axudarán a acadar unha comprensión máis profunda da mesma.

### OS ELEMENTOS ESCÉNICOS

#### O espazo escénico:

- Que lugar representa?
- Pertence aos dous personaxes por igual, ou a un máis que ó outro?
- Trátase dun espazo realista ou simbólico?
- Con que fin cres que se empregan as imaxes en vídeo?

#### Atrezo:

Ao igual que a máscara que usa EL nun momento da obra, os obxectos adquiren vida polo uso que deles fan os intérpretes, mesmo adquirindo un carácter simbólico (coma os escombros sobre a mesa) ou evocando un lugar (por exemplo, o paraugas, as botas e o chuvasqueiro que usa ELA lévannos a imaxinar un lugar chuvioso, como pode ser a cidade de Compostela).

- Que obxectos che chamaron máis a atención? Por que?

#### O espazo sonoro:

O espazo sonoro está conformado polas músicas e os efectos de son que se usan para crear diferentes atmosferas ou ambientes durante a obra.

- Facendo memoria, en que momentos advertiches cambios significativos a nivel sonoro?
- Que ambientes axudaron a crear?

#### A iluminación:

Ao igual que o son, os cambios de luz poden crear diferentes atmosferas, evocar outros espazos físicos e mesmo acompañar as emocións dos personaxes.

- Que cambios na iluminación che chamaron máis a atención?
- Por que?

#### O vestiario:

A roupaxe que visten os personaxes é un elemento importante para a súa caracterización, define a súa posición social, a súa personalidade... ata o seu estado de ánimo.

- Que adxectivos elixirías para describir o personaxe feminino pola súa vestimenta?
- E o masculino?
- Dirías que se corresponde co papel que cada un deles xoga na historia?





## A INTERPRETACIÓN

A interpretación actoral é esencial en calquera obra de teatro.

Con cal destes adxectivos cualificarías o traballo do elenco de Profetas. Trata de razoar a túa elección:

- Naturalista, é dicir, imitan as emocións reais.
- Expresionista, esaxeran trazos dos personaxes case de maneira caricaturesca.
- Simbólica, representan as emocións e estados de ánimo dos seus personaxes de maneira poética.
- Que opinión che merece a interpretación da actriz?
- E a do actor?
- Resultáronche convincentes? Por que?

## A TEMÁTICA

- Poderías identificar tres momentos diferentes do espectáculo nos que predominen, respectivamente, a privacidade dos personaxes, a crítica social e a reflexión sobre a problemática mundial?
- Cres que algunha destas temáticas ten máis peso que as outras na obra? Por que?
- Por que cres que se titula “Profetas”? Faise algunha alusión ao título durante a obra?





## PARA REFLEXIONAR

Un dos obxectivos do teatro é provocar emocións nos espectadores, suscitar o debate e a reflexión, modificalos dalgún xeito. Tras ver a obra, **convidámoste a reflexionar** sobre as seguintes cuestións:

- Como me afectan as noticias?
- Como me confronto á realidade que me rodea?
- Que guerras coñezo?
- Que opinión teño sobre os conflitos?
- Que ficcións consumo?
- Cal é a relación da ficción que me atrae coa realidade?

*NOTA: Tamén podes debater sobre as preguntas que se fai o director na primeira parte da guía (ver apartado A dirección).*

## PARA FINALIZAR

Como resumirías a túa opinión sobre Profetas cunha soa publicación nalgunha rede social?



**Elenco:**

Carlos Rebolo e Elea López

**Texto e dramaturxia:**

Ernesto Is

**Iluminación, espazo sonoro e dirección:**

Carlos Alvarez-Ossorio

**Deseño e creación de máscara:**

Marga Portomeñe

**Escenografía, vestuario e produción:**

Ítaca Teatro

**Deseño Gráfico**

La Cosa Gráfica

**Redes sociais:**

Insono

**Fotografía:**

Las fotos del César

**Guía didáctica:**

Maisqueteatro

**Vídeo e tráiler:**

Granero Vídeo

**Videos promocionais:**

Patricia Barreda



COPRODUCEN



COLABORAN E APOIAN



MEMBRO DE

